





MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

Programas de

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

DO MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA



Os programas que se presentan neste dossier responden á necesidade de entender aos museos como institucións dinámicas, inclusivas e de encontro intercultural. Para isto, consideramos fundamental o desenvolvemento das funcións educativa e formativa como ferramentas adecuadas para estimular o respecto á diversidade cultural e natural.

Ademais, o traballo coas asociacións e institucións de ámbito social do noso entorno permítenos estar presentes na vida cultural da cidade e tamén a posibilidade de achegarnos a públicos que habitualmente non van aos museos.

Para crear un entorno amable para tódalas persoas, independentemente da súa clase social, xénero, raza, diversidade funcional ou lugar de orixe, debemos traballar eliminando as barreiras que impidan a accesibilidade universal tanto no espazo coma no discurso da nosa institución. Este desexo de adaptar aos diferentes colectivos os programas e itinerarios fai fundamental o labor de mediación, tanto dende o museo como dende as distintas asociacións.

Nesa relación mediada, escollemos as pezas da colección permanente que nos parecen máis axeitadas para que as persoas participantes non sexan meros espectadores senón que participen no proceso comunicativo e poidan compartir a súa perspectiva. As experiencias que se propoñen terán lugar tanto dento como fora das paredes do museo e utilizarán como apoio ferramentas de realidade virtual, imaxes e sons complementarias, obradoiros de artes plásticas, etc. para axudar a contextualizar e facilitar a interacción que se produce no museo.

OBXECTIVOS

- Crear un lugar de reflexión mediante actividades grupais que favorezan as relacións interpersoais.
- Motivar e converter ao usuario en protagonista dos procesos artísticos.
- Activar e reforzar o crecemento persoal, mellorando a autoestima e facilitando os procesos de empoderamento.
- Achegar o museo a colectivos que normalmente non o visitan, ofrecéndoo como unha alternativa educativa e de formación.
- Estimular as capacidades sensitivas e creativas, así coma as habilidades artísticas das persoas participantes.
- Axudar a coñecer a nosa lingua e mellorar a comunicación.
- Traballar en colaboración coas asociacións da cidade para eliminar calquera barreira de accesibilidade e inclusión.
- Incluír no discurso museográfico as realidades sociais de tódolos grupos que nos visitan.

Os proxectos a través dos que o museo traballa a inclusión social son:

Un museo en movemento

Identidades, as artes para a inclusión social

Tender pontes.

As actividades son totalmente gratuítas, e todos os equipos e o instrumental, así como os materiais necesarios para o desenvolvemento das mesas serán aportados desde a organización.

MUSEO EN MOVEMENTO



Un Museo en Movemento é un proxecto do Departamento de Difusión do Museo de Belas Artes da Coruña (Xunta de Galicia), promovido pola Asociación de Amigos do Museo e patrocinado pola Fundación Emalcsa a través do programa Cultura Accesible e Inclusiva.

Pensado para facilitar a accesibilidade e a vida cultura de persoas con diversidade funcional e en risco de exclusión, está dirixido a aqueles públicos que, por razóns múltiples, non poden ou teñen graves dificultades para desprazarse ás instalacións do museo. O museo trasládase aos distintos locais sociais, onde os participantes realizan unha aproximación lúdica e adaptada, ao edificio e á colección permanente do museo, tanto dende o punto de vista teórico coma práctico.

Consta de tres tipos de experiencias, cada unha das cales desenvólvense durante dúas xornadas de traballo: unha **visita virtual** á colección do museo, realizada con axuda da realidade virtual (gafas de RV Oculus Quest 2, un software, a virtualización do espazo do museo ou dun cadro, e a galería dixital de obras procedentes da colección permanente do museo), e un **obradoiro de artes plásticas**, relacionado cos contidos traballados na visita. Rematados os talleres, as obras resultantes dos mesmos expóñense no museo.





1. "DESCUBRIR O MUSEO"

Apaixoante viaxe individual en 360°, que lles introducirá nos espazos internos do Museo, normalmente inaccesibles para o público (almacéns, laboratorio de restauración...), e no que poderán coñecer as actividades que habitualmente se realizan neles.

Obradoiro individual: os participantes traballarán cun caderno de actividades para estimular a atención, a destreza visual, as facultades motrices, etc.

2. "A ORIXE DOS MUSEOS"

A partir de *O gabinete do coleccionista*, cadro realizado cara 1630 por Frans Francken II, explicarase a orixe dos museos e a súa diversidade. Para iso, os participantes poderán penetrar nunha reconstrución virtual da obra, onde a educadora compartirá espazo con eles para facerlles unha introdución á historia do coleccionismo e explicarlles os xéneros pictóricos representados na escena. Rematada a visita, os participantes poderán realizar de forma virtual o seu propio gabinete de coleccionista.

Obradoiro colectivo e con axuda do monitor. Poderán optar entre a pintura-collaxe e a escultura (modelado en barro).

3. "EXPLORANDO A COLECCIÓN"

Percorrido virtual e inmersivo, individual ou grupal, polas salas de exposición permanente do Museo. Para iso, ofreceranse seis salas polas que os participantes poderán moverse, manipular pezas en 3D, ampliar información sobre as obras, etc. Esta visita poderase facer tanto en formato multixogador (a educadora comparte o espazo virtual cos participantes e ela é a que lles explica as obras) como en formato individual, cunha locución que eles mesmos poden ir activando.

Obradoiro individual ou colectivo e con axuda do monitor. Disporán de dúas opcións: a escultura (modelado en barro) ou a cerámica.



INFORMACIÓN PRÁCTICA

INFRAESTRUTURA E MEDIOS NECESARIOS

Necesidades técnicas:

Unha sala con cadeiras e mesas nos casos en que se realice taller. **Requerirase Wifi para a realización das visitas nº2, nº3 (opción grupal).** A nº1 e a nº3 (en modo individual) non o necesitan.

Grupos:

Poderán participar todas as persoas que o desexen, divididas en quendas de oito participantes.

Lugar de realización:

Instalacións/local social da entidade solicitante.

Datas:

A actividade desenvolverase **de abril a xuño**, de luns a venres, en horario de mañá ou tarde. Rematados os talleres, montarse unha exposición con todos os traballos realizados, que poderá visitarse de xullo a agosto.

Duración das experiencias:

- “Descubrir o museo”: 20 min + taller (pódese realizar no lugar e tempo desexados)
- “A orixe dos museos”: 20 min + taller (60 min)
- “Explorando a colección”: 20-30 min + taller (60 min)






Identidades, as artes para a inclusión social é unha experiencia sociocultural coordinada polo Departamento de Difusión do Museo de Belas Artes da Coruña (Xunta de Galicia), en colaboración coa Asociación de Amigos do Museo, e o patrocinio da Deputación Provincial da Coruña.

Está destinada a colectivos en situación de vulnerabilidade por atoparse desprazados dos seus lugares de orixe (xa sexa por razóns políticas ou económicas), por ser vítimas de malos tratos ou violencia de xénero, ou por verse en situación de dificultade ou illamento social, e conta coa participación de artistas da cidade.

O proxecto pretende facer unha reflexión e tomar conciencia das raíces e da identidade propia en todas as súas variantes: cultural, xeográfica, emocional e persoal, tanto individual como colectiva. O medio para lograr ese obxectivo é a posta en marcha dunha serie de obradoiros de artes plásticas impartidos por artistas da cidade, nos que se traballan técnicas diferentes (debuxo, escultura, colaxe, gravado, pintura, etc) para representar a identidade nas súas diferentes facetas: xa sexa a través da imaxe persoal ou do noso grupo (o autorretrato, tanto individual como colectivo), a contorna espacial (a paisaxe e os interiores), os obxectos emotivos ou simbólicos (o bodegón), os episodios do presente e pasado (o relato e a ilustración) e as emocións que todos estes elementos nos provocan (a abstracción e o uso expresivo dos trazos e as cores).

Cunha duración total de dez horas de traballo, a actividade estrutúrase nunha sesión teórica (breve presentación, percorrido guiado pola colección permanente e visita ao taller do artista correspondente), e o obradoiro propiamente dito, que se distribuirá durante os días e horarios pactados cos responsables da entidade. Rematados os talleres, as obras serán expostas no museo.

Para favorecer a conciliación familiar, organizaranse talleres infantís paralelos, destinados a aqueles colectivos de mulleres con fillos menores. Ademais, para os grupos de estranxeiros que non falen o noso idioma, proporcionaráselles un sinxelo vocabulario axeitado aos termos que se manexen durante a actividade.



INFORMACIÓN PRÁCTICA

INFRAESTRUTURA E MEDIOS NECESARIOS

Grupos:

Máximo de 20 persoas

Lugar de realización:

Toda a actividade desenvolverase no Museo de Belas Artes da Coruña, a excepción da primeira xornada de presentación, na que os participantes visitarán o estudo do artista que lles corresponda.

Datas:

Os obradoiros terán lugar **de setembro a decembro**, de martes a sábado, en horario de mañá e/ou tarde. Tanto as datas como os horarios dos talleres serán confeccionados en colaboración cos responsables das diferentes entidades sociais, garantindo unha absoluta adecuación dos mesmos ás necesidades, á actividade e á idiosincrasia de cada colectivo. Rematados os talleres, montase unha exposición con todos os traballos realizados, que poderá visitarse de decembro a xaneiro.

Duración da experiencia:

- **Xornada teórica:** 2 horas.

(desenvolverase nunha única xornada no Museo de Belas Artes e no estudio do artista).

- **Xornadas prácticas:** 8 horas de taller, que poderán distribuírse en tantas xornadas como o desexe cada grupo.

Artistas participantes no proxecto:

Ao longo destes anos veñen colaborando no proxecto:

Ali Ali, Yolanda Dorda, Pablo Mella, Tatiana Meda, Damián Ucieda, Oscar Cabana, Héctor Francesch, Luisa Valdés, Isabel Pintado, Mico Rabuñal, Manuel Cráneo, Julia Abalde, *Jano Ilustra*, *Faura Balsa*, Iria do Castelo, Bea Lema, Vero Novoa, Lara Pintos, Johnny Kashanna, Odile Cano e Gosia Trebacz.



TENDER PONTES

TENDER PONTES

VISITA-TALLER-TERTULIA

Actividades inclusivas no
Museo de Belas Artes da Coruña



Tender Pontes é un programa de atención á diversidade, organizado polo Departamento de Difusión do Museo de Belas Artes da Coruña co patrocinio da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e a colaboración da Asociación de Amigos.

Destinado a colectivos vulnerables, con unha especial atención a persoas en situación de soidade non desexada, busca ir máis alá dunha mera visita ao museo e a súa exposición permanente, para crear unha experiencia compartida co fin tender lazos de maneira permanente coas persoas participantes. Á vez, intentaranse crear pequenas comunidades patrimoniais, conxuntos de persoas que valoran aspectos específicos dun patrimonio cultural para conservalo e transmitilo a futuras xeracións. A través de microhistorias individuais que aporten os/as participantes, procurárase dotar aos obxectos patrimoniais dun significado que axuden a valoralos e comprendelos mellor. Así, traballárase arredor de conceptos como a memoria, a identidade, a creación colectiva, o canon de beleza, a natureza, os traballos tradicionais e o paso do tempo.

As fases de traballo estruturaránse en tres días: **visita á exposición permanente do museo**, para o que haberá que escoller un dos tres itinerarios deseñados, **obradoiro** relacionado cos contidos expostos na visita, e **posta en común** mediada por unha educadora, onde os/as participantes expoñerán os traballos realizados no obradoiro e indagarán sobre os vínculos creados entre a súa experiencia persoal e o patrimonio gardado no museo.





1. "PARA QUE NON DIGA MEU AMO QUE PERDO DE TRABALLAR"

O mundo do traballo será o fío condutor a través do que iremos visitando as salas do museo, reparando en como este foi evolucionando no mundo rural e no mundo urbano. Tamén traballarase sobre as relacións persoais que xorden neste ámbito, a distribución do tempo ao longo do día e os labores que están remunerados e os que non.

Público obxectivo: colectivos de integración social.

2. "ESCOITANDO ROSALÍA"

O xogo, a imaxinación, a morriña e a interpretación libre serán claves nesta visita que partirá da obra *Rosalía*, de Alberto Datas. A partir dela, trazaremos un percorrido polo museo aparentemente libre e improvisado pero mediado, no que a enigmática obra, a medio camiño entre a figuración e a abstracción, nos permitirá facer conexións tanto literais coma máis libres con outras obras do museo. Así, a través da pintura poderemos reflexionar sobre os sentimentos e as sensacións, e como os artistas nolas intentar transmitir a través da arte.

Público obxectivo: colectivos de integración social.

3. "MIÑA NAI, MIÑA NAICIÑA"

Partindo da obra *Ceres*, de Fernando A. de Soutomaior, deusa romana da agricultura e das boas colleitas, faremos un percorrido polo museo no que falaremos dunha maneira subxectiva sobre a maternidade: a nosa propia nai ou a nai natureza como a pensaron os artistas galegos. O apego, a crianza e as distintas maneiras de manifestar o cariño ao longo do tempo e as culturas farán deste itinerario unha opción perfecta para visitar o museo en familia. Todo isto estará fiado a través das cantigas ou xogos corporais tradicionais que darán música e contexto ás distintas obras do museo.

Público obxectivo: terceira idade.



INFORMACIÓN PRÁCTICA

INFRAESTRUTURA E MEDIOS NECESARIOS

Grupos:

Máximo de 20 persoas.

Lugar de realización:

Museo de Belas Artes da Coruña.

Datas:

A actividade desenvolverase **de setembro a decembro**, de martes a sábado, en horario de mañá e/ou tarde. Tanto as datas como os horarios dos talleres serán confeccionados en colaboración cos responsables das diferentes entidades sociais, garantindo unha absoluta adecuación dos mesmos ás necesidades, á actividade e á idiosincrasia de cada colectivo.

Duración da experiencia:

- Visita: 45 min
- Obradoiro: 90 min
- Tertulia: 60 min (dependerá da resposta do grupo)

